



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

RESOLUCIÓN

Antecedentes:

- 1/ Con data 23.01.2013 publicouse na páxina web do concello de Boqueixón e no taboleiro de edictos do concello a acta das sesións celebradas os días 16, 17 e 18 de xaneiro polo tribunal cualificador da fase de concurso para a cobertura en réxime de interinidade, da praza de traballador/a social.
- 2/ Con data 25 de xaneiro 2013 dona Carmen María Caamaño Rey presenta reclamación ante o tribunal pola baremación do apartado de formación, solicitando a revisión dos méritos aportados debendo engadirse á puntuación inicial (que era de 7,70 puntos) 1,40 puntos.
- 3/ Con data 30 de xaneiro o tribunal valora a reclamación presentada e unha vez revisados os cursos alegados acordou aceptar e puntuar con 0,15 puntos o curso de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e o de técnico en coaching con 0,30 puntos, acadando deste xeito na fase de concurso unha puntuación total de 8,15 puntos.

Os restantes cursos alegados, o tribunal acordou non puntuálos por non estar directamente relacionados coas funcións da praza convocada.

Este mesmo día 30 de xaneiro celébrase o exame tipo test correspondente á fase de oposición.

4/ Esta nova baremación do concurso foi publicada na páxina web e no taboleiro de edictos o mesmo día 30 de xaneiro. Data na que se publicou tamén a puntuación da fase de oposición.

Así mesmo, nesta data 30 de xaneiro con rexistro de saída 13/95 comunicóuselle a dona Carmen María Caamaño Rey a nova baremación. Dita comunicación foi recibida según acuse de recebo que consta no expediente, o día 5.02.2013.

5/ Con data 6.02.2013 reúñese o tribunal co fin de valorar as reclamacións novamente presentadas, acorda anular unha pregunta do exame de oposición e puntuar a primeira pregunta de reserva. Nesta mesma data publicouse na páxina web e no taboleiro de edictos as notas definitivas dos que superaron o concurso oposición celebrado para a provisión da praza.

6/ Con data 11.02.2013, rexistro de entrada 13/285, dona Carmen María Caamaño Rey presenta recurso de alzada ante o alcalde, no cal indica:

- ✓ Que o 5 de xaneiro 2013 recibiu notificación referente á reclamación presentada á fase de concurso.
- ✓ Que na referida notificación non se indicaba se esta notificación era ou non definitiva na vía administrativa, nin se reflectían os recursos que puideran proceder, nin ós órganos ante quen interposielos.
- ✓ Que está desconforme coa notificación e que a considera lesiva para os seus intereses por non ter en conta unha serie de accións formativas necesarias para o pleno desenvolvemento da praza.

SOLICITA, que se proceda á inclusión das accións formativas non estimadas procedendo a baremalas segundo a puntuación que lle corresponde.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro – O artigo 107 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que contra os actos de trámite poderase interpoñer recurso de alzada ou reposición, sempre que decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, produzan indefensión ou prexuízo irreparable.

A oposición aos restantes actos de trámite poderá alegarse polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Segundo – O artigo 114 da mesma lei establece que poderá interpoñerse recurso de alzada contra os actos dos tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas, que se consideren dependentes do órgano ao que estean adscritos, ou no seu defecto, do que nomeara o presidente dos mesmos (alcaldía neste caso).

Terceiro – O artigo 115 establece que o prazo para interpoñer o recurso de alzada é de un mes, se o acto é expreso.

O prazo para ditar e notificar a resolución será de tres meses.

Cuarto – As bases da convocatoria que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 230 do 3 de decembro de 2012, na páxina web do concello e no taboleiro de edictos, no apartado 7 regula o mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos, así como a publicación das puntuacións. Mesmo no apartado 7.2 establece que no caso de anular algunha das preguntas incluídas no exercicio, anunciarase publicamente no taboleiro de edictos e que contra tal acordo poderá interpoñerse recurso de alzada.

Quinto – A base nº 11 no apartado terceiro establece que todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos

interesados no casos e forma establecida pola lei de procedemento administrativo e demás normas vixentes concordantes.

No presente recurso a interesada alega por un lado que na notificación da fase de concurso non se indica se é definitiva ou non en vía administrativa nin os recursos que procedían.

A este respecto convén dicir que en todo momento cumpriuse o establecido nas bases reguladoras do procedemento publicándose os méritos tanto no taboleiro de edictos do concello coma na páxina web. En dita publicación dábase o prazo de cinco días para presentar reclamacións, indicábase como facelo e así mesmo, sinalábase que o día 30 o tribunal as resolvería.

De feito, dona Carmen María Caamaño Rey presentou a súa alegación con data 25 de xaneiro 2013. Polo tanto se se dá un prazo para presentar reclamacións é evidente que non se trata dun acto definitivo e que tampouco produce indefensión, senón que pola contra, do que se trata é dar a posibilidade de que os interesados aleguen o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos.

Posteriormente con data 30 de xaneiro 2013 o tribunal reúñese para estudar e valorar as alegacións presentadas contra a baremación do concurso.

Neste mesmo día efectuouse o exame tipo test da oposición respetando o anonimato dos opositores tal como así se prevé na base nº 7 da convocatoria.

Como consecuencia da alegación presentada, a puntuación do concurso de dona Carmen María Caamaño Rey incrementouse en 0,45 puntos.

Esta nova puntuación publicouse na páxina web e no taboleiro de edictos, o mesmo día 30 de xaneiro.

Así mesmo, neste día 30 de xaneiro publicouse a puntuación do exercicio test.

Tal como establecen as bases, todos os actos poden ser impugnados e efectivamente presentáronse reclamacións contra as puntuacións das preguntas tipo test.

O tribunal reunido o día 6 de febreiro 2013 estuda valorar estas reclamacións presentadas e acorda anular a pregunta nº 23 e valorar a todos os participantes no proceso selectivo a pregunta primeira de reserva. Como consecuencia desta variación a reclamante obtivo 0,40 puntos menos na fase de oposición tipo test.

Contra este acordo, as bases prevén que cabe recurso de lazada, previa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos, o cal recurso presentou a recorrente con data 11 de febreiro 2013, unha vez publicadas as notas definitivas do concurso oposición.

Polo tanto, en ningún momento a actuación administrativa se pode considerar lesiva para os intereses da reclamante, pois tivo puntual información da puntuación obtida, e

da posibilidade de reclamación como, de feito, así o fixo. Tanto na fase de concurso como na fase do exercicio tipo test.

Por outro lado, en canto á baremación das accións formativas non estimadas, reclamada pola interesada debemos ter en conta que xurisprudencialmente está consolidada a doutrina da discrecionalidade técnica dos tribunais administrativos designados para valorar os procesos selectivos de oposición ou concursos, precisamente polo criterio imparcial e obxectivo que se lle presume ao órgano cualificador composto por técnicos relacionados especialmente coas materias sobre as que versaban as probas.

Reiterada xurisprudencia accredita esta discrecionalidade técnica dos órganos cualificadores dos concursos e oposicións no desenvolvemento do seu contido. Neste sentido afírmanse as sentencias do Tribunal Supremo do 10 outubro 2000, 19 xuño 2001 e 22 febreiro 2002.

Non obstante esta discrecionalidade técnica en modo algúns supón que o tribunal goce de pleno poder para impedir e evitar o control das súas decisións. Por este motivo, o tribunal ante as reclamacións presentadas e tendo en consideración a súa procedencia decide rectificar e anular unha pregunta e en cumprimento das bases, substituíla pola primeira pregunta de reserva. E isto foi o que mudou a puntuación da reclamante no sentido de diminuír a súa puntuación da fase de oposición a diferenza da puntuación da fase de concurso que se incrementou. En definitiva isto implicou unha diminución da súa nota global no concurso oposición.

Por todo isto, RESOLVO:

Primeiro – Desestimar o recurso presentado por dona Carmen María Caamaño Rey, con data 11 de febreiro 2013, data rexistro 13/285 no cal solicita a inclusión das accións formativas non estimadas e que se proceda á súa baremación que lle corresponde.

Segundo – Dar traslado desta resolución á recorrente e publicala no taboleiro de edictos e na páxina web.

Terceiro – Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Boqueixón, 19 de febreiro de 2013.

O alcalde
CONSELLERÍA DE
ESTADO
MUNICIPAL
O ALCALDE
Jesús Sanjuás Mera